



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES. (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fadesdiaruna.es

SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA DÍA 19 DE XANEIRO DE 2018

No Salón de Plenos do Concello de Frades, cando son as 14:13 horas do día 19 de xaneiro de 2018, a fin de celebrar Sesión extraordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

46910475C JESUS MIGUEL PRADO CEA - PP
76363609K Mª ANGELES ALVAREZ CARRO - PP
79331173X NELLY IGLESIAS REY - BNG
33237699P JOSÉ MARIA PÉREZ LAGOS - BNG
44842883J OSCAR BOTANA RUA - PP
76329065T JESÚS FRANCOS SÁNCHEZ - PP
76311016Y RAMÓN GARABATO BOGA - PP
34893023E MANUEL FERREIRO MARZOA - PP
45955945V LORENA SUÁREZ PARDO-BNG
76368290X JUAN CARLOS PORTOS BRA-PP

baixo a Presidencia de 79314640Z ROBERTO REY MARTÍNEZ como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria- Interventora do Concello Carmen Gómez Otero.

ORDE DO DÍA.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Os señores concelleiros declaran coñecer o contido da acta da sesión extraordinaria anterior de data 28 de decembro de 2017, convocado a petición dos concelleiros/as do BNG.

O Pleno por unanimidade ACORDA aprobar a acta da extraordinaria anterior de data 28 de decembro de 2017, convocado a instancia do BNG.

2.- DITAME SOBRE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2018.-

Pola Alcaldía- Presidencia dáse lectura A continuación o Alcalde- Presidente da lectura á Memoria da Alcaldía que forma parte dos Orzamentos, procede a expoñer as liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio 2018 e a salientar as diferencias en relación aos orzamentos do



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES. (A Coaña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fades.diaoruna.es

exercicio 2017, en consonancia co explicado na Comisión Especial de Contas polo Presidente da mesma.

1.-Incremento dos investimentos:

Órzase as aportacións municipais das subvencións que se repiten tódolos anos da Xunta de Galicia (Vicepresidencia, Turismo,), aportación municipal ao Fondo de Compensación Ambiental, así como a aportación municipal e financiamento d subvención nominativa da Deputación Provincial para a dotación do Multiusos e a aportación municipal da subvención do IDAE.

Con respecto ao Plan único, entendemos que trata de dar autonomía aos Concellos, e ten como finalidade axilizar a burocracia administrativa, e potenciar a eficiencia na colaboración entre Administracións.

No mes de outubro de 2017 (24 de outubro de 2017, rexistro de entrada 1270) recibíuse neste Concello a Circular sobre a aprobación das Bases reguladoras do Plan Provincial ás obras e servizos de competencia municipal Plan único dos Concellos (Pos+2018) publicadas no BOP nº 188 de data 3 de outubro de 2017. A asignación, corrixida o 8-11-2017 (rexistro de entrada 1356), foi a seguinte:

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (para gasto corrente)	214.323,87 euros
ACHEGA PROVINCIAL 2017 (para investimentos)	210.280,02 euros
PAI 2018	190.060,79 euros
TOTAL	614.664,68 euros

No 2017, a asignación ascendía a 596.347,8 euros, desglosado do seguinte xeito:

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (para gasto corrente)	261.909,19 euros
ACHEGA PROVINCIAL 2016 (para investimentos)	161.174,89 euros
PAI 2018	173.263 euros

Polo tanto, en termos comparativos, baixa a achega provincial do 2018, destinada a gasto corrente con respecto ao 2017 en 47.585,32 euros. Porén este ano imos a destinar maior porcentaxe a obra, en concreto, en euros, serían 49.105 euros máis para investimentos.

Ademáis este ano, aínda que o PAI é maior non o imos a solicitar porque incumpriríamos a regra do gasto o que nos obrigaría á aprobación dun plan económico- financeiro.

Con respecto ao **Plan Complementario (POS ADICIONAL) do 2017**, este ano se vai a aprobar o mesmo que se desglosa do seguinte xeito:

APORTACIÓN DA DEPUTACIÓN	128.939,91 euros
APORTACIÓN DO CONCELLO	20.342,01 euros



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES. (A Coaña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fadesdiaruna.es

TOTAL _____ **149.281,92 euros**

Con respecto ao Plan Complementario (POS ADICIONAL) do 2018, o mínimo que teríamos que facer no Plan sería 122.932,94 euros (un 20% de 614.664,68 que é o importe total), e prevese para o 2018 unha maior porcentaxe, un 24,5 %, por importe de 150.832,95 euros.

Con respecto ao gasto corrente para o 2018, o desglose é o seguinte:

LUZ: 140.000,00 euros

LIXO: 52.100,00 euros, tendo en conta que serían 125.100,00 euros de gasto menos os 73.000,00 euros de ingresos en concepto de taxas.

ACCESO AOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN: 22.223,87 euros

TOTAL: 214. 323,87 euros.

Así, os investimentos, que se incrementan nun 3,56 % con respecto ao orzamento do exercicio 2017, e teñen o seu desglose no Anexo de Investimentos sería os seguintes:

PROXECTO		IMPORTE CONSIGNADO NO 2018	
2018-2-FONTA-1	POS+2018. Camiño a Fontao (Abellá e outros)	1532_61900	112.451,69
2018-2-TARREN-2	POS+2018. Camiño a Tarrentos (Añá e outros)	1532_61900	97.828,33
2018-2-CARBA-3	POS+2017 Complementario. Camiño Carballal-Consello (Mesos) e outros	1532_61900	149.281,92
2017-2-AGADR-4	Plan de mellora camiños municipais 2017-2018. Camiño Aboi (Augasantas), Céltigos e outros	1532_61900	42.213,76
2018-2-AGADR-4	Plan de mellora camiños municipais 2018-2019	1532_61900	14.000,00
2018-2-MULTI-5	Dotación equipamento edificio Multiusos	933_62300	15.000,00
		933_62500	35.000,00
		933_62600	20.000,00
2018-4-AUGA-6	Arranxos na rede de suministro municipal de auga	161_62700	7.000,00
2018-2-FONDO-7	Fondo de Compensación 2018	171_62300	20.000,00



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coaña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

2018-2-TRACT-8	Subministro de tractor para o Concello	171_62300	18.000,00
2018-4-MAQUI-9	Subministro desbrozadora	171_62300	5.000,00
2018-2-TURIS-10	Investimentos turismo	432_62700	15.000,00
2018-4-MOBI-11	Subministro Mobiliario Admón Xeral	920_62500	6.000,00
2018-2-VICEP-12	Subvención Vicepresidencia	337_63200	15.000,00
2018-2-IDAIE-13	Proxectos IDAE	165_62700	2.000,00
2018-4-PONTE-14	Proxecto Luz Campo Fútbol Pontecarreira	165_62700	5.000,00
2018-4-POZO-15	Instalación Pozo Barrena	161_62700	20.000,00

TOTAL

598.775,70

- 2.- Transparencia.
- 3.- Menor nivel de endebedamento, debido a que o endebedamento bancario é cero.
- 4.- Equilibrio nas contas e compromiso de pago a provedores.
- 5.- Estabilidade Orzamentaria.
- 6.- Cumprimento do Plan Económico Financeiro e Cumprimento da Regra do gasto.
- 7.- Aumento dos gastos en ben correntes e servizos básicos e obrigatorios en tódolos Concellos.
- 8.- Incremento dos gastos en servizos sociais a través do incremento da partida de transferencias correntes á Mancomunidade.

A continuación o Sr. Alcalde-Presidente concede a palabra ao Concelleiro de Facenda e Presidente da Comisión de Contas, Don Manuel Ferreiro Marzoa que procede a dar lectura ao **ditame favorable da Comisión Especial de Contas celebrada o 15/01/2018 que se reproduce literalmente:**

" (...) Visto o expediente completo para a aprobación do Orzamento do exercicio 2018 do Concello de Frades, iniciado pola Alcaldía- Presidencia, por esta Concellería de Facenda propónse que a Comisión Informativa Permanente Especial de Contas, ditamine favorablemente, e o Pleno Municipal posteriormente adopte o presente acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello de Frades para o exercicio de 2018 cuxo importe ascende a **2.087.505,48 euros**, no Estado de Ingresos e á



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES. (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dioruna.es

2.087.505,48 euros no Estado de Gastos, presentándose nivelado, así como toda a documentación e anexos a el incorporados, asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

Estado de gastos		
Cap. 1	Gastos de persoal	419.447,72
Cap. 2	Gastos de bens correntes e servizos	920.827,06
Cap. 3	Gastos financeiros	1.500,00
Cap. 4	Transferencias correntes	139.455,00
Cap. 6	Inversións reais	598.775,70
Cap. 7	Transferencias de capital	7.500,00
Cap. 8	Activos financeiros	0,00
Cap. 9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL GASTOS	2.087.505,48

Estado de ingresos		
Cap. 1	Impostos directos	373.725,12
Cap. 2	Impostos indirectos	55.000,00
Cap. 3	Taxas e outros ingresos	187.124,44
Cap. 4	Transferencias correntes	1.047.207,99
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	500,00
Cap. 6	Alleamento de inversións reais	0,00
Cap. 7	Transferencias de capital	423.947,93
Cap. 8	Activos financeiros	0,00
Cap. 9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL INGRESOS	2.087.505,48

SUPERÁVIT	0,00
------------------	-------------

SEGUNDO.- Aprobar, igualmente, as bases para a execución do orzamento municipal para o exercicio de 2018.

TERCEIRO.- Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, o cadro de persoal (plantilla), xunto co Anexo de persoal.

CADRO DE PERSOAL.-

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES. (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

Hab. Nac.-Secretaría-Intervención-Tesourería.-A1/26.-1.-1 Cobertura nomeamento provisional
Admón. Xeral.-Alguacil-Porteiro.-E.-14.-1.-0.

B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

Prazas.-Denominación.-Xornada

1.-Animador deportivo.-completa.

1.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-Completa.

3.-Conductor de tractor.-Completa.

1.- Arquitecto.- Completa

1.-Administrativo, Secretario do Xulgado de Paz.-Completa

3.- Peón de obra pública.-completa

CUARTO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2018 con tódolos documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art.170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

QUINTO.- O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

SEXTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

SÉTIMO.- Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.(...)”

A continuación o Sr. Alcalde-Presidente concede a palabra ao concelleiro do BNG, Don José María Pérez Lagos que intervéñ para explicar que deberíase de facer unha inversión para combatir a abella velutina. Os Concellos non deberían combatir só con TRAGSA. Trátase dun problema social e pode haber moitos accidentes. Hai Concellos que están combatindo con outros medios.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES. (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fadesdiaruna.es

A continuación o Sr. Alcalde-Presidente concede a palabra ao Concelleiro de Facenda e Presidente da Comisión de Contas, Don Manuel Ferreiro Marzoa que explica que os traballadores de TRAGSA son moi profesionais. Viñeron correndo ao aparecer un niño al lado do colexio que estaba xusto na finca de enfrente e tiña actividade.

A continuación o Alcalde- Presidente intervén para explicar que temos que comprometernos a facer actividades coa Asociación de Apicultura para facer trampeos, pero nós non temos persoal para sacar os niños co perigo que pode supor que esta xente se suba a unha escalera. Habería que inventar algo para poder eliminar os niños.

A continuación o Alcalde- Presidente procede a solicitar ao Pleno municipal que, atendendo aos intereses xerais dos nosos veciños a aprobación deste orzamento 2018 que dará cobertura a necesidades deste Concello.

Sen mais intervencións por maioría absoluta con 8 votos a favor dos concelleiros/as do municipal do PP, e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do BNG, o Pleno municipal ACORDOU aprobar o ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas celebrada o día 15/01/2018 nos seus mesmos termos.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 14,51 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE

A SECRETARIA,

Roberto Rey Martínez

Carmen Gómez Otero

Asdo.: Roberto Rey Martínez

AsdoCarmen Gómez Otero.